

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE BUEU**

ANUNCIO de convocatoria do procedemento selectivo para cubrir, en réxime de interinidade, unha praza de oficial electricista.

No BOP de Pontevedra número 243, do 21 de decembro de 2017, publicáronse integramente as bases da convocatoria do proceso selectivo para cubrir, en réxime de interinidade por vacante, unha praza de oficial electricista da Brigada de Obras e Servizos do Concello de Bueu, pertencente á escala da Administración especial, subescala servizos especiais, subgrupo C2.

No BOP de Pontevedra número 22, do 31 de xaneiro de 2018 publicouse a modificación das bases reguladoras (base 4ª «Requisitos dos aspirantes», epígrafe 6º «Permiso de condución»).

O prazo para a presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria faranse públicos no taboleiro electrónico de anuncios do concello, ao que se accede a través da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>), sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web (www.concellodebueu.org; enlace de emprego público) e no taboleiro de anuncios, da Casa do Concello situado na casa do concello de Bueu (planta baixa).

O que se fai público para xeral coñecemento.

Bueu, 31 de xaneiro de 2018

Félix Juncal Novas
Alcalde

